

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3 DE XUÑO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Mª Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e vinte e sete minutos do día tres de xuño do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 27 DE MAIO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de maio de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 27 de maio de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Anuncio do 7 de maio de 2019, do Concello de Culleredo, polo que se fai pública a comunicación de xestión de biomasa a propietarios aos que non foi posible a práctica da comunicación. (Expediente: UME/2018/478, Propietario J.G.G. e máis). DOG núm. 100 do 28-05-2019.
- Anuncio do 23 de maio de 2019, do Concello de Culleredo, relativo ao nomeamento como funcionarios de carreira da escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local a J.M.M. e L.F.G. BOP núm. 99 do 28-05-2019.
- Anuncio do 23 de maio de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á convocatoria do proceso selectivo polo sistema de concurso-oposición para a provisión, con carácter de urxencia e de xeito temporal, dun/dunha técnico/a de turismo (persoal laboral temporal). BOP núm. 100 do 29-05-2019.
- Anuncio do 28 de maio de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á autorización da suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica na área acústica residencial durante a celebración da festa popular, no lugar da Corveira, parroquia de Rutis, os días 31 de maio, 1 e 2 de xuño de 2019, nas

rúas Xesús Rey Martínez, Amparo López Jean, Av. Vilaboa e Irmáns Suárez Ferrín. BOP núm. 101 do 30-05-2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións ditadas polo servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

“

- Resolución núm. 806 de data do 23/05/2019, pola que se concede a licenza municipal núm. 429 para reserva de entrada e saída a través das beirarrúas coa modalidade de permanente, para o garaxe da Avda. da Ermida núm. 21, á D.ª Y. Q. G.
- Resolución núm. 807 de data do 23/05/2019, pola que se establece unha reserva de praza de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida na R/. Autonomía, diante do número 5.
- Resolución núm. 808 de data do 23/05/2019, pola que se outorga unha licenza municipal para a instalación de terraza do establecemento 'A perloca 1830', á COLUCU, SL, na Avda. de Acea de Ama, núm. 18.
- Resolución núm. 809 de data do 23/05/2019, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento para a actividade de 'outras actividades recreativas e de entretemento', ao local situado na R/. Anxo S. Fernández, núm. 17 – baixo.
- Resolución núm. 820 de data do 24/05/2019, pola que se aproba o proxecto técnico para a obra de “Renovación do parque infantil da praza Europa, Concello de Culleredo”, que en un presuposto de 154.954,35 €.
- Resolución núm. 821 de data do 24/05/2019, pola que se outorga unha modificación da licenza municipal para a instalación da terraza do café-bar 'El potro' situado na Avda. de Galicia, núm. 26, á “Hostelería el potro, SL”.
- Resolución núm. 822 de data do 24/05/2019, pola que se outorga unha licenza municipal para a instalación de terraza do café-bar 'Mon petit café' na R/. Hersa, núm. 2 – baixo H.
- Resolución núm. 823 de data do 24/05/2019, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento para a actividade de 'construción de edificios residenciais e instalación de carpintería', ao local situado na Avda. Vilaboa, núm. 162A, á AGORA MADERA, SL.”

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da Concellería delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
13/05/19	742	Conceder o servizo de Teleasistencia domiciliar e dar traslado desta resolución á Deputación de A Coruña.	M. T. M.	

23/05/19	811	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluso o procedemento.	J. M. B.	
----------	-----	---	----------	--

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
05/04/2019	544	Declarar o desestimento das axudas solicitadas para pago de Abono recibo de auga e Abono recibo de electricidade por non achegar a documentación perceptiva. Art. 19.1 do Regulamento de acceso as prestacións económicas en situación de emerxencia ou urxente necesidade social (PEEIS) (BOP nº 242 de 20/12/2013). "....Se a solicitude non reúne todos os datos e documentos aludidos anteriormente requirírase á persoa interesada para que (...) no prazo de 10 días, enmende a falta ou achegue os documentos perceptivos, con indicación de que se non o fai, se lle terá desistido da súa petición..."	P.T.D.		
12/04/20019	595	Conceder unha axuda económica	M.U.L.G	Pago de recibos de auga correspondente ao 4º trimestre de 2018., 1º, 2º e 3º trimestre de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. Pago de recibo de electricidades, correspondente os meses de xaneiro a outubro de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario	

C.I.F. P-1503100-H

C.I.F. P-1503100-H

				2018 , xaneiro (150 €) , febreiro (150 €), marzo (150 €), abril (150 €), maio (150 €) e parte de xuño (25 €) de 2019.	
03/05/19	700	Conceder unha axuda económica.	M.D.M.L.G	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro (400 €), febreiro (400 €) e parte de marzo (275 €).	1.075,00 €
03/05/19	701	Conceder unha axuda económica.	M.D.P.S.R.	Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo (250 €), abril (250 €), maio (250 €) , xuño (250 €) e parte de xullo (75 €) de 2019.	1.75,00 €
07/05/19	716	Conceder unha axuda económica.	J.F.M.N.	Pago de aluguer correspondente aos meses de novembro de 2018 (185 €), decembro de 2018 (185 €), abril 2019 (30,83 €), maio 2019 (185), xuño 2019 (185 €), xullo 2019 (185 €) e agosto 2019 (119,85 €), que será aboada mediante transferencia bancaria ao arrendador, J. L. C. Con DNI ***6828**.	1.075,68 €
07/05/19	717	Conceder unha axuda económica.	C.L.G.M.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro (200 €), febreiro (200 €), marzo (200 €), abril (200 €), maio (200 €) e parte de xuño (75 €) de 2019.	1.075,00 €
13/05/19	739	Conceder unha axuda económica.	S. D. D. S.	Pago de aluguer, correspondendo 323 € os meses de marzo, abril e maio e 106,68 € o mes de xuño.	1.075,68 €

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
13/05/19	740	Denegar a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade por non	A. S. P.	

		presentar dificultades de movilidad segundo consta na tarxeta acreditativa do Grao de Discapacidade dende o 23/09/14 e con validez DEFINITIVA.		
13/05/19	741	Denegar a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade por non presentar dificultades de movilidad segundo consta na tarxeta acreditativa do Grado de Discapacidade dende o 06/07/2016 e con validez DEFINITIVA.		

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

****Dinamización social :**

O sábado 8 ás 18:00 h a Agrupación Musical Voces Veteranas de Culleredo, formando parte das súas accións convivenciais, participou no encontro de corais organizado pola Coral Polifónica de Cambre. O acto tivo lugar en Cambre no anfiteatro detrás da Igrexa Románica.

O martes 21 de maio ás 17,30 a *Agrupación Musical Voces Veteranas de Culleredo* ofreceu un concerto co gaio das Letras Galegas no Centro Cívico do Castrillón A Coruña interpretando catro cancións de temática galega. Participou tamén a coral do propio centro e remataron todos xuntos co himno galego. Nesta ocasión os integrantes da Coral Voces Veteranas contaron co servizo de autobús para o traslado.

****Sensibilización comunitaria:**

Charla sobre o Programa de Adopcións Especiais Fundación Meniños

O xoves 9 de maio a Fundación Meniños, impartiu unha charla sobre adopcións especiais na Sala de vídeo do Edificio de Servizos Múltiples, ás 19,00h baixo o lema: *Construamos unha familia xuntos. Adopta.*

Así mesmo o martes 7, dúas técnicas responsables deste programa, interviron en Radio Culleredo para dar a coñecer as características específicas desta iniciativa e responder ao obxectivo de sensibilizar á sociedade acerca dos nenos e nenas e adolescentes que necesitan unha familia adoptiva.

****Oficiña municipal de Voluntariado (OMVOL)**

Curso de formación: *Acción voluntaria nos proxectos de envellecemento activo*

A OMVOL impartirá este curso de formación nos dous primeiros venres deste vindeiro mes de xuño.

Hai que lembrar que a *Lei 10/2011, do 28 de novembro, galega de Acción voluntaria* remarca a importancia da formación continuada do voluntariado no seu artigo 26 .2 que di: *"Regulamentariamente estableceranse os programas de formación en materia de acción voluntaria, que deberá desenvolverse diferenciando uns niveis de formación básico e de especialización".*

A OMVOL do Concello de Culleredo, como entidade de Acción Voluntaria ao abeiro desta *lei galega* e da *Ley estatal 45/2015 de 14 de outubro de Voluntariado*, ven priorizando e incrementando cada ano a oferta desta formación para

os seus voluntarios e voluntarias. O obxectivo é ofertar unha formación, tanto desde o punto de vista xeral da acción voluntaria, como desde a perspectiva máis específica de cada ESPAZO de voluntariado do noso concello.

Pero pretendese orientala tamén, á favorecer a relación entre as propias persoas voluntarias, e a interacción co equipo técnico, para que sintan de preto o apoio dos profesionais que os acompañan na súa altruista labor.

As 15 prazas dispoñibles do curso cubriránse por orde de inscrición.

Destinado tanto a voluntariado en activo de la propia Oficina que estea a traballar xa en proxectos vinculados aos contidos deste curso, como si queren obter información das posibilidades que esta formación pode aportarlles de cara a próximas colaboracións, ou si teñen interés no tema a nivel persoal.

A CONFIRMACIÓN faise na Oficina Municipal do Voluntariado (OMVOL), solicitando a inscrición no curso ate o xoves 6 de xuño, a través dos seguinte canais:

teléfonos: 981 654 570 – 981 660 079

e-mail: omvol@culleredo.es

****Bancos de recursos solidarios:**

******Fondo municipal de alimentos:**

Na semana do 6 ao 10 de maio as familias destinatarias do Fondo municipal de alimentos recibiron un SMS coa cita para recoller o seu lote de alimentos, que se repartiron entre os días 13 e 29 de maio. Os sms chegarón a un total de 324 familias.

Estas familias están repartidas en tres unidades de traballo social (uts):

Na uts 1, correspondente ao Burgo, chegou a 150 familias,

Na uts 2 correspondente a zona de Vilaboa, a 104 familias,

Na uts 3 correspondente a zona de Fonteculler e rural, 70 familias.

As 26 toneladas de alimentos que se repartiron nesta 3ª fase correspondente a 2018 proceden da UE a través do Ministerio de agricultura e a intermediación de Cruz Bermella española que, no caso de Culleredo colabora tamén con voluntariado desde a súa sede de Cambre para apoiar ao persoal de plantilla do Centro municipal de Servizos sociais do Burgo.

2.AREA DE SANIDADE:

PROMOCIÓN DA VIDA SAUDABLE: “Culleredo saudable”

****Educación para a saúde**

Formación: relacións afectivas na mocidade

Ante a demanda de información e formación desde o Programa municipal Ponte a Punto da concellaria de educación sobre as relacións afectivas na mocidade, organízase desde Sanidade, durante o mes de maio, dende o proxecto de **Educación para a Saúde e Promoción da Vida Saudable**, dous obradoiros dirixidos a adolescentes de entre 14 a 18 anos.

No primeiro taller **“Pracer seguro, seguro pracer”** ofrécese unha información obxectiva sobre a responsabilidade nas relacións e saúde sexual. Ten como obxectivos principalmente:

-Reflexionar acerca dos aspectos nos que se fundamenta a precepción de risco.

-Fomentar o uso do preservativo, masculino, feminino e banda de latex, promovendo a corresponsabilidade.

-Implicar os/as participantes nas estratexias de prevención de ITS e embarazos non planificados.

O segundo taller, leva por título **“Berrando solucións”**. Nel traballárase cómo atopar solucións positivas na aparición de conflitos. Os obxectivos principais son os seguintes:

-Tomar conciencia e aceptar a diversidade nas construcións individuais, a nivel físico, psicolóxico e social.

-Fomentar actitudes de empatía na mocidade como punto de partida na resolución de conflitos

-Desenvolver habelencias de comunicación, a expresión emocional que permitan vivir as relación persoais de xeito satisfactorio.

-Desenvolver estratexias persoais e colectivas para a análise e resolución de situacións que se poidan presentar dentro do marco relacional

Estos obradoiros de dúas horas de duración, son impartidos por persoal técnico dos centros Quérote+ da Xunta de Galicia, que dará ademais información sobre o que pode ofrecerlles a nivel particular este servizo aos mozas e mozos participantes.

O calendario e o seguinte:

1. **“Pracer seguro, seguro pracer”**

-14 de maio, martes, de 17 a 19 horas dirixido ao alumnado dos grupo de educación secundaria do Programa de Ponte a Punto que se realizan no pazo de Vila Melania.

-22 de maio, mércores, de 16 a 18 horas, dirixido ao grupo de educación secundaria do Programa de Ponte a Punto que se desenvolve no Centro Social de Fonteculler.

2. **“Berrando solucións”**

-27 de maio, luns, de 9,30 a 11,30 horas nos dous grupos de Formación Profesional Básica da Universidade Laboral.

2.2.3.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

EDUCACULLEREDO 2018/19

A) ACTIVIDADE: Culleredo ao descuberto: monte Xalo.

Programa: Educación ambiental.

Datas: 4 de xuño.

Horario: de 9:50 a 13:10 h.

Centros participantes: CEIP Ría do Burgo e CEIP Vila de Rutis.

Curso: 6º EP.

Nº participantes: 63.

Lugar: aulas.

B) ACTIVIDADE: O Burgo de Faro: porto de peregrinos.

Programa: Educación patrimonial e histórica.

Datas: 4 de xuño.

Horario: de 9:30 a 12:30 h.

Centros participantes: CEIP Ría do Burgo, CEIP Vila de Rutis e CPR A Ponte Pasaxe.

Curso: 4º EP.

Nº participantes: 70.

Lugar: tramo do camiño inglés, ponte e igrexa do Burgo.

C) ACTIVIDADE: Ruta didáctica pola Idade Moderna. Pazo Vilaboa: a vida dos fidalgos.

Programa: Educación patrimonial e histórica.

Datas: 6 de xuño.

Horario: de 9:30 a 12:30 h.

Centros participantes: CEIP Ría do Burgo.

Curso: 5º EP.

Nº participantes: 53.

Lugar: Pazo de Vilaboa.

ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 7 DE XUÑO

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:

Contacontos coa Dragóna Ramona: *A folga das galiñas*.

A partir de 3 anos. Entrada libre.

VENRES 7 DE XUÑO

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

Ibuprofeno Teatro: *Furacho*.

Recollida de invitacións dende unha hora antes da función."

C.I.F. P-1503100-H

2.2.4.- O Sr. Suárez García dá conta á Xunta de Goberno Local do seguinte asunto da Concellería delegada da Área de Deportes e Ocupación do Tempo Libre:

"1. A aprobación da convocatoria de solicitude para o uso de instalacións deportivas municipais durante a tempada/curso 2019/2020.

Podrán solicitar dichas instalacións las Anpas, os centros escolares, entidades deportivas, entidades de Benestar social e peñas deportivas. As instalacións que se ofrecerán son; Polideportivo de Tarrío, Polideportivo de Vilaboa, Polideportivo de Almeiras, Polideportivo do Burgo, Polideportivo Ría do Burgo, Campo de fútbol do Burgo en Campo de fútbol de Rutis.

O prazo será do 5 de xuño ó 21 de xuño de 2019. Non poderán concorrer a convocatoria as entidades que teñan algunha débeda co Concello de Culleredo en concepto de aluguer de instalacións deportivas."

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

Código do documento	Código do expediente
USG13I00L7	USG/2019/87
Código de Verificación Electrónica (COVE)  156S 0V4V 4C5P 5B6M 0PX0	

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e oito minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde en funcións
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H